

## INFORME DE NON DIVISIÓN EN LOTES CONTRATO DE SERVIZOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA

En relación co expediente de contratación dos servizos de axuda no fogar do Concello de Chantada [códigos CPV 85310000-5: Servizos de Asistencia Social, 85300000-2. Servizos sociais e servizos conexos] por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación deste municipio, que conta cun orzamento base de licitación anual de 874.896,96 euros (sen IVE) e de 909.892,84 euros (con IVE), e un valor estimado de 4.986.912,67 euros.

### INFORME

**PRIMEIRO.** En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), considéranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

- (i) o obxecto do contrato está relacionado por unha banda co carácter integral das prestacións que constitúen o servizo e, por outra, coas propias características do servizo;
- (ii) suporía mermar a calidade, eficacia e homoxeneidade do servizo a prestar debido á segregación de equipos de traballo;
- (iii) tamén se valora para non efectuar a división en lotes a dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, así como o risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución dos servizos obxecto do contrato.

**SEGUNDO.** O servizo de axuda a domicilio comprende prestacións diferentes: atención doméstica, atención persoal, acompañamento, axudas técnicas, etc.; que, desde un punto de vista técnico, constitúen unha única unidade funcional e teñen que realizarse desde unha perspectiva integral; a realización independente destas actuacións dificultaría enormemente a coordinación das diferentes actuacións ao depender dunha pluralidade de contratistas e isto impediría a correcta execución das mesmas. Tamén a súa separación en lotes conlevaría un risco para a execución ao perder o control dunha optimización dos labores obxecto do contrato, que se obtén ao realizar unha planificación coordinada de actuación do servizo de axuda no fogar que se pretende ampliar no seu conxunto. Polo tanto, dificultaría a supervisión da execución do contrato, o que iría en



detrimento de a calidade do servizo. En consecuencia, carece de sentido a división do contrato en lotes en base a diferentes prestacións do servizo.

**TERCEIRO.** O servizo de axuda no fogar caracterízase polas dificultades de xestión inherentes á necesidade de responder con axilidade e celeridade a servizos fraccionados en canto a distribución xeográfica e horaria e con constantes modificacións de altas, baixas e outras incidencias. Unha división por lotes implicaría un maior labor de coordinación por parte do persoal técnico do Concello -que na actualidade non é posible asumir cos efectivos de persoal existentes-, e demoraría a asignación de persoas usuarias aos diferentes contratos e restaría flexibilidade en caso de producirse cambios no persoal de atención domiciliaria.

**CUARTO.** Tampouco procede unha división territorial por lotes en tanto que, actualmente o servizo de axuda a domicilio do concello préstase de maneira integral en todo o municipio. A división por lotes tomando como base este criterio distorsionaría a prestación do servizo e introduciría desequilibrios na atención proporcionada nas distintas localidades.

**QUINTO.** En suma coa división en lotes habería unha dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, dado que malia ser obxecto do contrato prestacións de realización de traballos auxiliares que comprenden o servizo de axuda no fogar, para a súa correcta execución ha de realizarse unha dirección e coordinación uniforme e un seguimento conxunto dos labores.

**SEXTO.** Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprese cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación.

**SÉTIMO.** Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprese os principios de concorrencia, igualdade e non discriminación establecidos na normativa de contratación do sector público.

En virtude do exposto, elévase proposta para que por parte do órgano de contratación se emita resolución, no momento da aprobación do expediente de contratación, sobre a procedencia da non división en lotes do obxecto do contrato.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

